



BOP

SÁBADO, 23 DE FEBRERO DE 2013

Nº 045

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CULTURA E TURISMO

Anuncio

Área de Cultura, Turismo, Ensino, Normalización Lingüística e Patrimonio Histórico (Turismo)

CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRECTAS DE CARÁCTER EXCEPCIONAL OUTORGADAS POR ESTE ORGANISMO PROVINCIAL ÁS ENTIDADES LOCAIS E ASOCIACÍONS CORRESPONDENTES Á ANUALIDADE 2012.

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no artigo 30 do regulamento de desenvolvemento, aprobado polo RD 887/2006, de 21 de xullo, no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e finalmente pola base 24.11 das de execución do orzamento provincial, faise pública a relación de subvencións concedidas durante o ano 2012.

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Asociación A Coroa	Festa da Castaña	1.200 €
Asociación Com, Emp, Prof, Gandeiros e Autónomos de Muimenta	Festa Filloa	3.400 €
Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería	Difusión turística e gastronómica da provincia de Lugo a través da marca "E para comer,...Lugo"	40.000 €
Asociación Veciñal do Saviñao	Ruta Ribeira Sacra do Miño	30.000 €
Concello de Mondoñedo	Contratación arqueólogo guía para especializado nas Covas do Rei Cintolo	20.000 €
Concello de Mondoñedo	XXI edición do Mercado Medieval de Mondoñedo	20.000 €
Concello de Monforte de Lemos	Festa do Río	4.464,32 €
Concello de Monforte de Lemos	Entroido 2012	13.845 €
Concello de Monforte de Lemos	Promoción e dinamización do Centro do Viño	50.000 €
Concello de Monforte de Lemos	Equipamento cafetería da praza de abastos e zona de mercados	93.721,50 €
Concello de Navia de Suarna	Festa da Androlla	2.000 €
Concello de Outeiro de Rei	VI Feira da Artesanía de Outeiro de Rei	1.000 €
Concello de Palas de Rei	21ª Feira do Queixo D.O.P. Arzúa Ulloa e Mostra Multisectorial	1.000 €
Concello de Pobra de Brollón	Entroido de Salcedo	4.000 €
Concello de Pobra de Brollón	Feira do Viño de Vilachá	6.000 €
Concello de Quiroga	Feira do viño e mostra de aceite	1.500 €

Concello de Ribadeo	Festa do Percebe: publicidade e edición de material promocional	5.000 €
Concello de Ribadeo	Mariñarte. Arte Contemporánea na Mariña	5.000 €
Concello de Ribadeo	Mercado de Nadal	9.000 €
Concello de Ribadeo	Mesas Microsectoriais e desenvolvemento turístico	20.000 €
Concello de Ribadeo	Praia das Catedrais	40.000 €
Concello de Ribadeo	Ribadeo de Tapeo	8.000 €
Concello de Ribadeo	Arranxo do muro e pavimentación do Camiño Norte	40.000 €
Concello de Riotorto	VI Feira da Artesanía do Ferro	30.001,50 €
Concello de Riotorto	Campaña promoción turística da Artesanía do Ferro de Riotorto	35.000 €
Concello de Sober	XXXII Feira do Viño de Amandi	2.000 €
Consortio Turístico Ribeira Sacra	Gastos correntes de funcionamento do ano 2012	34.400 €
Mosteiro de San Xiao e Santa Basilisa de Samos	Contratación dun guía profesional para as visitas turísticas da Real Abadía de San Xiao	7.000 €
Rede Galega de Empresas	Xornadas Enoturísticas-Culturais na Ribeira Sacra	23.000 €

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, a 5 de febreiro de 2013.- O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro, O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero

R. 0601

Anuncio

Area de Cultura, Turismo, Ensino, Normalización Lingüística e Patrimonio Histórico

CONVOCATORIA E BASES QUE REXERÁN A OFERTA DE UNHA BOLSA FORMATIVA EN MATERIA DE TEATRO CULTURAL, DE UNHA BOLSA FORMATIVA EN MATERIA DE XESTIÓN CULTURAL E DE UNHA BOLSA DE XESTIÓN CULTURAL, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL PARA ÁREA DE CULTURA, TURISMO, ENSINO, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PATRIMONIO HISTÓRICO 2013 – 2014.

A Área de Cultura, Turismo, Ensino, Normalización Lingüística e Patrimonio Histórico da Deputación Provincial de Lugo, é o órgano da Administración provincial que ten atribuídas as competencias en materia cultural, turística, de patrimonio histórico – artístico, de normalización lingüística e de ensino. Para impulsar unha mellora no coñecemento e na conservación dos Bens Culturais e para contribuír á promoción e á difusión do noso rico patrimonio cultural, convócanse tres bolsas formativas – unha bolsa de Xestión Cultural, unha bolsa de Teatro Cultural, e unha Bolsa de Xestión Cultural- Normalización Lingüística e comunicación Audiovisual - que posibiliten, na medida das posibilidades orzamentarias, o cumprimento das funcións estratéxicas para as que foron concibidas.

Por esta razón, a Área de Cultura, Turismo, Ensino, Normalización Lingüística e Patrimonio Histórico convoca tres bolsas formativas para colaborar no Programa Formativo de Actividades Culturais do Servizo, e co obxecto de proporcionar aos futuros bolseiros unha formación de carácter práctico que, engadida a súa formación académica -esencialmente teórica- lles facilite enriquecer o seu currículo.

E polo qué, será necesario establecer as bases reguladoras da concesión desta bolsa, de conformidade co disposto na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo isto,

EXPOÑO

PRIMEIRO.- OBXECTO E FINALIDADE.

Por medio destas bases establécense os criterios reguladores para proceder á convocatoria de tres bolsas formativas para colaborar nos programas formativos da Área de Cultura, Turismo, Ensino, Normalización Lingüística e Patrimonio Histórico :

* Unha bolsa formativa en materia de Xestión Cultural - ao fin de apoiar o deseño, posta en marcha e mailo seguimento do Programa de Actividades Culturais para o ano 2013 – 2014.

Nas presentes bases e tamén nos anexos (I , II e III) para a Bolsa en materia de Xestión Cultural detállanse os requisitos específicos (necesarios e obrigatorios) que deben reunir as persoas solicitantes.

* Unha bolsa de formación en materia de Teatro Cultural, ao fin de apoiar o deseño, a xestión e o mantemento dos fondos de teatro da Deputación Provincial, a xestión dos cursos de arte dramática (coordinación co profesorado, apertura e peche de sala, seguimento das necesidades técnicas, seguimento da matrícula e alumnado, etc...), o seguimento cos medios de comunicación social, a xestión e seguimento dos traballos de impresión (dípticos, cartelaría relativa á actividade teatral que se despregue ao longo do ano), e en xeral a axuda na xestión do Proxecto Buxiganga e/ou calquera outra xestión - desta natureza - dentro do Programa de Actividades Culturais para o ano 2013 – 2014.

Nas presentes bases e tamén nos anexos (IV, V e VI) – para o caso da Bolsa de teatro Cultural - detállanse os requisitos específicos (necesarios e obrigatorios) que deben reunir as persoas solicitantes.

* Unha bolsa de formación en materia de Xestión Cultural, Normalización Lingüística e Comunicación Audiovisual, ao fin de prestar apoio ao deseño e a xestión do Programa Cultural da Área para o ano 2013 - 2014, acadando como finalidade a de contribuír á promoción e á difusión do noso rico patrimonio cultural a través de fomento, o impulso, a divulgación e a conservación dos Bens Culturais: Proxecto Lugo Cinema, Proxecto Ben -Cho- Shey, colaborar na organización de xornadas sobre a cultura galega en Lugo, e cantos outros se estimen oportunos ao longo da vixencia da bolsa.

De igual xeito, nestas bases e tamén nos anexos (VII, VIII e IX) – para o caso da bolsa de Xestión Cultural, Normalización Lingüística e Comunicación Audiovisual- detállanse os requisitos específicos (necesarios e obrigatorios) que deben reunir as persoas solicitantes.

Os bolseiros/as realizarán a súa actividade na Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo.

As bolsas - reguladas nestas bases - concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

Con estas Bolsas formativas, a Área de Cultura da Deputación de Lugo pretende non só impulsar o coñecemento e maila conservación do Patrimonio Cultural lucense, senón que tamén - e unha vez máis - fomentar a formación dos profesionais universitarios.

SEGUNDO.- NUMERO, DURACIÓN E CONTÍA.

O número de bolsas convocadas serán de tres (3): unha en materia de Xestión Cultural; unha en Materia de Teatro Cultural e outra en materia de Xestión Cultural, Normalización Lingüística e Comunicación Audiovisual. Todas elas serán adxudicadas de acordo cos baremos indicados na presente convocatoria.

As bolsas terán unha duración de doce meses (12) meses, que se contarán a partir da incorporación dos bolseiros/as.

A data de incorporación será na data en que se notifique. A non incorporación no prazo establecido implicará a perda automática dos dereitos inherentes ás bolsas concedidas, agás causa xustificada e acreditada de atraso e que requirirá autorización expresa dos responsables da Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo para o aprazamento ata un máximo de 15 días naturais na incorporación ás bolsas.

O importe de cada bolsa non excederá, en ningún caso, a cantidade de dez mil catrocentos dezaseis euros con sesenta e catro céntimos (10.416,64 €), correspondentes ao pago mensual de cada bolsa formativa (10.000 €/ bolsa/ano) e á cotización das mesmas ao Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, de acordo co RD 1493/2011, de 24 de outubro de desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social. Para o gasto que se proxecta existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 3300.481 de Cultura, por valor de 30.000 €, e na aplicación 3300.16000, por valor de 1.249,92 €, sendo a contía total das tres bolsas, de trinta e un mil douscentos corenta e nove euros con noventa e dous seis céntimos (31.249, 92 €) con cargo ao Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o ano 2013, e contemplada no Plan Estratéxico de Subvencións desta Excm. Deputación de Lugo, Área de Cultura na súa liña de actuación B.5, apartado a.

TERCEIRO.- REQUISITOS XERAIS.

- Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea.
- Estar en posesión da titulación académica requirida.

- c) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de iniciación e no de perfeccionamento mediante título oficial.
- d) Non ter emprego remunerado nin gozar doutra bolsa ou axuda no momento da notificación
- e) Non ter sido separado/a do servizo de ningunha administración ou institución como consecuencia de expediente disciplinario.
- f) As demais establecidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, e aplicables no presente caso.

CUARTO.- PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E PRAZO.

As solicitudes, xunto coa documentación adicional requirida, presentárase conforme o modelo oficial que figura no anexo I, no anexo IV e no anexo VII respectivamente- segundo sexa a bolsa á que se opta-, debendo dirixila ao Presidente da Deputación de Lugo e presentándoa no Rexistro Xeral da Excm. Deputación Provincial de Lugo ou ben a través dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común, no prazo de DEZ DÍAS naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente se inserirán no taboleiro de anuncios da Deputación Provincial.

O modelo de solicitude estará a dispor dos interesados na Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo, e tamén na páxina web da Deputación de Lugo (Área de Cultura e Turismo).

QUINTO.- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR CON CADA SOLICITUDE.

O interesado deberá acompañar á solicitude a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia compulsada da titulación académica requirida para a bolsa, expediente académico coas cualificacións obtidas nas diferentes materias (nota media do expediente), currículo vitae e cantos documentos oficiais poidan avalalo.
- Fotocopia compulsada da acreditación do curso de iniciación e de perfeccionamento de lingua galega. / ou (CELGA 4)
- Fotocopia dos todos os méritos alegados. So contabilizarán os que se achegue proba documental. No caso de esixir aos solicitantes a presentación dos orixinais ou fotocopia compulsada dos méritos alegados, estes deberán presentarse no prazo máximo de tres días, contados a partir do momento do seu requirimento.
- Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas polo solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.
- **Declaración responsable de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario da subvención conforme ao disposto no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.**
- **Certificación de estar ó corrente das obrigas coa Axencia tributaria estatal. Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Facenda Autonómica.**
- **Certificación de estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social.**
- A unidade administrativa recabará de oficio da Tesouraría Provincial a información de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias.

►Serán causas de exclusión a demostración da falsidade documental, a non correspondencia dos orixinais e a incorrección na documentación presentada.

SEXTO.- CRITERIOS DE VALORACIÓN:

- BOLSA FORMATIVA DE XESTIÓN CULTURAL:

- Expediente académico: ata un máximo de 4 puntos.
- Currículo vitae da persoa solicitante, experiencia investigadora: ata un máximo de 4 puntos.
- Experiencia en materia de Xestión Cultural: ata un máximo de 7 puntos.
- Entrevista persoal: ata un máximo de 5 puntos.

- BOLSA FORMATIVA DE TEATRO:

- Expediente académico: ata un máximo de 3 puntos.
- Currículo vitae da persoa solicitante: ata un máximo de 3 puntos. Experiencia en materia de xestión teatral: ata un máximo de 3 puntos.
- Coñecementos teóricos teatrais: ata un máximo de 2 puntos.
- Experiencia na dirección de agrupacións teatrais non profesionais (preferentemente no ámbito afeccionado): ata un máximo de 2 puntos.

- Experiencia na asistencia e produción de eventos teatrais (festivais, mostras, etc...): ata un máximo de 2 puntos.
- Experiencia na xestión de fondos teatrais: ata un máximo de 2 puntos.
- Entrevista persoal: ata un máximo de 3 puntos.

- BOLSA FORMATIVA DE XESTIÓN CULTURAL, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL:

- Expediente académico: ata un máximo de 4 puntos.
- Curriculum vitae da persoa solicitante, experiencia investigadora...: ata un máximo de 4 puntos.
- Experiencia en materia de **Normalización Lingüística Galega e na Comunicación Audiovisual**: ata un máximo de 7 puntos.
- Entrevista persoal: ata un máximo de 5 puntos.

A Comisión de Valoración Técnica non terá en conta aqueles méritos alegados polas persoas solicitantes, e que non estean acreditados documentalmente.

En caso de empate terase en conta (por esta orde): o expediente académico, o currículo vitae, e a experiencia en materia de Xestión Cultural (Filoloxía Galega) e Comunicación Audiovisual.

SETIMO.- PROCEDEMENTO

Recibida a solicitude no Rexistro Xeral da Excm. Deputación Provincial de Lugo, remitiráselle á Área de Cultura e Turismo quen procederá en función do obxecto e finalidade da bolsa solicitada.

Os servizos técnicos da Área de Cultura e Turismo revisarán as solicitudes e maila documentación presentada. No caso de estar incompleta, conter erros ou non achegar toda a documentación requirida, poderase reclamar aos solicitantes que enmenden os defectos apreciados, de conformidade ao artigo 71 da Lei 30/92 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, outorgándose un prazo de dez días hábiles, dende a notificación do requirimento, con indicación de que se transcorridos estes días sen a devandita enmenda, procederase ao arquivo do mesmo.

A avaliación das solicitudes realizarase por unha Comisión de Valoración Técnica constituída para o efecto e que terá a seguinte composición:

- **Presidente/a:** O Deputado delegado de Cultura e Turismo, ou persoa en quen delegue.
- **Vogais:** 2 traballadores/as da Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo nomeados polo Deputado de Cultura.
- **Secretario:** 1 traballador/a da Área de Cultura e Turismo..

O Deputado Delegado de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo propondrá a concesión da bolsa de formación ao órgano competente, quen resolverá. Con posterioridade, a resolución será debidamente notificada aos solicitantes.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, contados a partir do día seguinte o da publicación das bases e maila convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Transcorrido dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada.

OITAVO.- CONCESIÓN DA BOLSA

A Comisión de Valoración Técnica formularalle a proposta de selección dos bolseiros/as beneficiarios ao órgano competente, quen resolverá sobre a concesión das mesmas, sendo debidamente notificadas ás persoas solicitantes.

Do mesmo xeito, a Comisión de Valoración Técnica poderá nomear os suplentes que considere oportuno, establecendo unha orde de prioridade. Os suplentes accederán á bolsa unicamente no caso de existir renuncia a bolsa ou incumprimento das bases por parte do titular beneficiario.

NOVENO.- RESOLUCIÓN, PUBLICIDADE E RECURSOS

A resolución que poña fin ao procedemento deberá expresar os beneficiarios das bolsas formativas, podendo designar ademais os adxudicatarios suplentes, en orde de prioridade. Do mesmo xeito deberá recoller os candidatos /as rexeitados.

A resolución da adxudicación pon fin á vía administrativa, de acordo co artigo 109 da Lei 30/92 de 26 de novembro, e contra ela cabe interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes desde a notificación ante o mesmo órgano ou ben alternativamente, recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte a publicación referida perante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo.

Poderase declarar deserta a convocatoria se a Comisión de Valoración Técnica considera que ningún dos candidatos/as resulta idóneo/a.

A resolución do procedemento farase pública, para efectos de notificación aos interesados, así como calquera outras notificacións ou requirimentos aos interesados, a través do taboleiro de anuncios da Excm. Deputación Provincial de Lugo, o B.O.P., ou na páxina web da Deputación de Lugo, dando cumprimento así ao disposto no artigo 59.6 b) e 60 da Lei 30/92 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/99.

Asemade, e de conformidade co artigo 18 da Lei Xeral de Subvencións, publicarase a relación das subvencións concedidas nos termos do artigo referido.

Transcorrido o período de desfrute da bolsa, as persoas non seleccionadas poderán solicitar a devolución da documentación achegada. Transcorrido o prazo dun ano, procederase - en todo caso - á eliminación da documentación non recollida.

DECIMO.- ACEPTACIÓN DAS BOLSAS

No prazo de dez (10) días naturais seguintes ao da publicación da resolución, os beneficiarios/as das bolsas deberán comunicar, por escrito, á Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo a súa aceptación.

Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase como renuncia á bolsa, procedéndose automaticamente á adxudicación da bolsa formativa ao seguinte aspirante en puntuación.

DECIMO PRIMEIRO.- PAGAMENTO

O pagamento das bolsas farase mediante relación mensual, en base ao informe expedido polo titor/a de cada bolseiro/a, - conformado polo Delegado da Área de Cultura, Turismo, Ensino, Normalización Lingüística e Patrimonio Histórico-, que se pechará o día 27 de cada mes, observándose que as alteracións que se produzan con posterioridade a esta data terán efecto no mes seguinte, agás a derradeira mensualidade.

Aos adxudicatarios poderáselles requirir a documentación necesaria para proceder ao pagamento da devandita bolsa.

Asemade, estarán obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida polos órganos competentes de conformidade coa lexislación aplicable, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino da axuda.

DÉCIMO SEGUNDO.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO/A /BOLSEIROS/AS

* Para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concederon as bolsas e a aplicación dos fondos percibidos, os beneficiarios/as presentarán, antes do último pagamento, unha memoria descritiva sobre o proxecto formativo que estiveron realizando.

* O beneficiario/a está obrigado/a a facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación de Lugo, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control de destino das bolsas.

* Cumprir todas as normas establecidas nos apartados anteriores.

DECIMO TERCEIRO.- DESENVOLVEMENTO DAS BOLSAS.

Os bolseiros/as realizarán a súa actividade baixo a dirección de quen coordine e titorice os seus proxectos.

Os bolseiros/as desenvolverán o seu labor a través dos medios técnicos da Excm. Deputación Provincial de Lugo. Para a utilización do material resultante das actividades deberán contar coa autorización expresa e previa do Deputado delegado de Cultura, Turismo, Ensino, Normalización Lingüística e Patrimonio Histórico da Deputación ou da persoa na que delegue para esta función.

- A bolsa **non implicará** relación funcional nin laboral coa Deputación Provincial de Lugo, nin compromiso que se estenda máis alá do seu ámbito de duración.

DECIMO CUARTO.- RENUNCIA, REVOGACIÓN E REINTEGRO DE CANTIDADES

* A renuncia á bolsa por parte do beneficiario/a, unha vez iniciado o goce desta, deberá ser comunicada mediante o correspondente escrito ao Deputado Delegado de Cultura da Deputación de Lugo, polo menos con sete días de antelación á data na que se solicite sexa aceptada a súa renuncia. A renuncia dará lugar á devolución das cantidades percibidas, se procede, e determinará a perda dos dereitos económicos da parte da bolsa non desfrutada.

* O persoal técnico e facultativo que coordine e dirixa ós bolseiros poderá propoñer ao Deputado Delegado de Cultura da Deputación de Lugo a revogación das bolsas por falta de dedicación ou incumprimento das condicións sinaladas, con base en informe debidamente motivado, podendo anular os beneficios concedidos e solicitar a devolución das cantidades percibidas, se as houbera, no prazo que establece o Regulamento xeral de recadación.

* A adxudicación da bolsa será igualmente revogada total ou parcialmente no caso de que se comprobese que na súa concesión concorreu ocultación, falsidade de datos, ou que existen incompatibilidades con outros beneficios desta clase procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas.

* A solicitude das bolsas implica o coñecemento e aceptación do disposto nestas bases.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.

I.- Financiamento.

As bolsas convocaranse con cargo á aplicación orzamentaria dos Orzamentos Xerais da Excma. Deputación Provincial de Lugo, para o ano 2013.

II.- Réxime Xurídico.

Para todos aqueles extremos non previstos nestas bases, aplicarase a Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e supletoriamente a Lei 30/92 de 26 de novembro e a Lei 4/1999 de modificación da anterior, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; o R.D. 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Subvencións ; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Excma. Deputación de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005; o Regulamento Orgánico da Deputación de Lugo; as Bases de execución do Orzamento, o Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación para a anualidade 2013 e a Normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación de Lugo vixentes no momento da concesión, así como a restante normativa vixente que resulte de aplicación.

III.- Recursos.

A resolución porá fin á vía administrativa, podendo ser obxecto de recurso de reposición no prazo de un mes contado a partir do seguinte á publicación no Boletín oficial da provincia, perante o mesmo órgano que adoptou a devandita resolución, ou ben, interpor directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses a contar dende o seguinte a publicación referida perante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo.

DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS.

Autorízase ao órgano competente da Deputación de Lugo para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde e o inicio da presente convocatoria.

As disposicións aquí contidas entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 22 de febreiro de 2013.- O Presidente.- José Ramón Gómez Besteiro, O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero

ANEXO I
SOLICITUDE BOLSA DE FORMACIÓN DE XESTIÓN CULTURAL DA ÁREA DE CULTURA E TURISMO DA
DEPUTACIÓN DE LUGO 2013 - 2014

D./Dña.....

D.N.I.....Teléfono.....

Enderezo.....C.P.....

Localidade..... Concello de

Provincia de

BREVE DESCRICIÓN DOS DATOS CURRICULARES

Quen abaixo asina DECLARA QUE:

Presta expresamente o seu consentimento á Deputación de Lugo para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2008/09, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no B.O.P. , na súa páxina web e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

SINATURA, do/a solicitante ou persoa que o/a representa:

En....., a de2013.

ANEXO II**CONDICIÓN DA CONVOCATORIA**

- **UNHA BOLSA DE FORMACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE LABORES DE XESTIÓN CULTURAL NA ÁREA DE CULTURA E TURISMO DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

Esta bolsa ten como finalidade a colaboración e o apoio nas tarefas da Xestión Cultural, ao fin de prestar apoio ao desenvolvemento, posta en marcha e seguemento do Programa de Actividades Culturais a desenvolver no 2013 - 2014.

Requisitos específicos das persoas solicitantes:

Para solicitar a bolsa a que se refire esta convocatoria é necesario e **obligatorio**, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base terceira desta convocatoria, os seguintes:

- Ser licenciado/a ou ter o Grao en Humanidades.
- Ser licenciado/a ou ter o Grao en Xeografía, en Historia ou en Arte
- Ser Diplomado/a en Maxisterio, en calquera das súas especialidades.
- Valorarase a experiencia laboral e mailos coñecementos en Xestión Cultural.
- Coñecementos en lingua galega
- E cantas outras consideracións estime oportunamente a Comisión de Valoración para a mellor valoración da idoneidade (aptitude/actitude) do bolseiro/a a seleccionar

ANEXO III

DECLARACIÓNS RESPONSABLES

Don/dona:.....

ConD.N.I.....e con domicilio

en.....,C.P:.....

() Provincia de:

DECLARO:

1º.- Non estar incluso/a en prohibición para obter a condición de beneficiario/a da subvención conforme ao disposto no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

2º.- ☐ Declaro ter outras subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

☐ Declaro non ter outras subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

E para que así conste a todos os efectos, asino as presentes declaracións,

En, ade de 2013.

ANEXO IV

SOLICITUDE BOLSA DE FORMACIÓN TEATRAL DA ÁREA DE CULTURA E TURISMO DA DEPUTACIÓN DE LUGO 2013 - 2014

D./Dona.....

D.N.I.....Teléfono/s:.....

Correo-electrónico:

Enderezo.....C.P.....

Localidade..... Concello de

Provincia de

BREVE DESCRICIÓN DOS DATOS CURRICULARES

Quen abaixo asina DECLARA QUE:

Presta expresamente o seu consentimento á Deputación de Lugo para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2008/09, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no B.O.P. , na súa páxina web e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

SINATURA, do/a solicitante ou persoa que o/a representa:

En....., a de2013.

ANEXO V**CONDICIÓN DA CONVOCATORIA**

- **UNHA BOLSA DE FORMACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE LABORES DE AXUDA NA XESTIÓN DO PROXECTO BUXIGANGA NA ÁREA DE CULTURA E TURISMO DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

Esta bolsa ten como finalidade a colaboración nas tarefas da xestión e mantemento dos fondos de teatro da Deputación de Lugo, na xestión dos cursos de arte dramática, e maila xestión e o seguimento dos traballos de impresión relativa á actividade teatral a despregar ao longo do ano, co fin de prestar apoio ao desenvolvemento, posta en marcha e seguimento do Programa de Actividades Culturais a desenvolver no 2013 – 2014 pola Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo.

Requisitos específicos das persoas solicitantes:

Para solicitar a bolsa a que se refire esta convocatoria é necesario e **obligatorio**, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base terceira desta convocatoria, os seguintes:

- Ser licenciado/a ou ter o Grao en Humanidades, Filoloxía (en calquera das súas especialidades), Antropoloxía Cultural ou Arte Dramático.
- Ser Diplomado/a en Maxisterio, especialidades de Primaria, Música ou Historia.
- Valorarase o curriculum teatral, a súa cointinuidade formativa, a continuidade na produción de espectáculos e mailo coñecemento das dinámicas do mundo teatral, con especial énfase no eixo do teatro afeccionado galego.
- Valorarase a experiencia teatral, a experiencia na dirección de agrupacións teatrais non profesionais, a experiencia na asistencia e produción de eventos teatrais, e maila experiencia na xestión de fondos teatrais.
- Coñecementos en lingua galega
- E cantas outras consideracións estime oportunamente a Comisión de Valoración para a mellor valoración da idoneidade (aptitude/actitude) do bolseiro/a a seleccionar

ANEXO VI

DECLARACIÓN RESPONSABLES

Don/dona:.....

con D.N.I.: e con domicilio

en.....,C.P:.....

(.....) Provincia de:,

DECLARO:

1º.- Non estar incluso/a en prohibición para obter a condición de beneficiario/a da subvención conforme ao disposto no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

2º.- ☐ Declaro ter outras subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

☐ Declaro non ter outras subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

E para que así conste a todos os efectos, asino as presentes declaracións,

En, ade de 2013.

ANEXO VII

SOLICITUDE BOLSA FORMATIVA DE XESTIÓN CULTURAL, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL DA ÁREA DE CULTURA DA DEPUTACIÓN DE LUGO 2013 – 2014

D./Dña.....

D.N.I.....Teléfono/s:.....

Correo electrónico:

Enderezo.....C.P.....

Localidade..... Concello de

Provincia de

BREVE DESCRICIÓN DOS DATOS CURRICULARES

Quen abaixo asina, DECLARA QUE:

Presta expresamente o seu consentimento á Deputación de Lugo para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2008/09, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no B.O.P. , na súa páxina web e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

SINATURA, do/a solicitante ou persoa que o/a representa:

En....., a de2013

ANEXO VIII**CONDICIÓN DA CONVOCATORIA****■ UNHA BOLSA DE FORMACIÓN PARA O PROGRAMA DE CULTURA E COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL DA ÁREA DE CULTURA, TURISMO, ENSINO, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PATRIMONIO DA DEPUTACIÓN DE LUGO 2013 - 2014.**

Esta bolsa ten como finalidade a de contribuir á promoción e á difusión do noso rico patrimonio cultural a través de fomento, o impulso, a divulgación e a conservación dos Bens Culturais: Proxecto Lugo Cinema, Proxecto Ben -Cho- Shey, colaborar na organización de xornadas sobre a cultura galega en Lugo, e cantos outros se estimen oportunos realizar dentro do Programa de Actividades da Área para a anualidade 2013 - 2014 ao longo da vixencia da bolsa.

Requisitos específicos das persoas solicitantes:

Para solicitar a bolsa a que se refire esta convocatoria é necesario **e obligatorio**, - ademáis de reunir os requisitos xerais establecidos na base terceira- cumprir os seguintes:

- Ser licenciado/a en Filoloxía Galega./Grao en Filoloxía Galega
- Ter estudos de Comunicación Audiovisual
- Ter capacidade en Xestión de estratexias para a Comunicación.
- Aplicar as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) ao ámbito dos M.C.S : coñecementos informáticos e de xornalismo dixital
- Ter experiencia en materia de Normalización Lingüística

ANEXO IX

DECLARACIÓNS RESPONSABLES

Don/dona:.....
con D.N.I.: e con domicilio
en.....,C.P:.....
(.....) Provincia de:,

DECLARO:

☐ 1º.- Non estar incluso/a en prohibición para obter a condición de beneficiario/a da subvención conforme ao disposto no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

☐ 2º.- ☐ Declaro ter outras subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

☐ Declaro non ter outras subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

E para que así conste a todos os efectos, asino as presentes declaracións,

En, ade de 2013.

Anuncio

Área de Cultura Turismo, Ensino, Normalización Lingüística e Patrimonio Histórico da Deputación Provincial de Lugo

Convocatoria e Bases do Programa “Buxiganga proxecto teatral 2013”

A Área de Cultura, Turismo, Ensino, Normalización Lingüística e Patrimonio Histórico ten entre as súas competencias, contribuír á difusión do teatro na vertente afeccionado en entidades pertencentes á provincia de Lugo e ao mesmo tempo a de potenciar a actividade cultural que se desenvolve nos distintos concellos de Lugo.

As actuacións do programa “Buxiganga Proxecto Teatral” desenvolveranse en dúas quendas e os Concellos e asociacións deberán solicitar as correspondentes representacións:

- Quenda A: desde o 1 de maio até o 31 xullo.
- Quenda B: desde o 1 de setembro até o 30 de novembro.

As actuacións que se leven a cabo programaranse en fin de semana (sábado e domingo) nos meses nos que haxa programación.

No Programa “Buxiganga Proxecto Teatral” poderán participar as asociacións que posúan un grupo de teatro afeccionado, que teñan residencia na provincia de Lugo e que estean legalmente constituídas. Os grupos terán dereito a realizaren dentro dos circuitos un máximo de tres funcións e un mínimo de unha.

Este Programa vai dirixido tanto aos Concellos da provincia, que poderán solicitar actuacións para se acolleren a este programa, como a aquelas asociacións sen ánimo de lucro da provincia, que estean xuridicamente constituídas e que teñan entre as súas finalidades a promoción da cultura.

Como en anos precedentes, os cachés das actuacións serán as seguintes:

- Grupos de 2 a 5 persoas: 300 €/función (tendo as 3 representacións 250 €/función)
- Grupos de 6 a 8 persoas: 500 €/función (tendo as 3 representacións 450 €/función)
- Grupos de 9 ou máis persoas: 850 €/función (tendo as 3 representacións 800 €/función)

A Área de Cultura, Turismo, Ensino, Normalización Lingüística e Patrimonio Histórico establece que, tendo en conta os cachés de actuacións, que todos os solicitantes (os Concellos e as asociacións legalmente constituídas) deberán asumir o pagamento do 20% do custo de cada unha das actuacións solicitadas e concedidas. O resto do seu caché, é dicir, o 80% do custo das actuacións correrá a cargo da Deputación de Lugo (Área de Cultura, Turismo, Ensino, Normalización Lingüística e Patrimonio Histórico). Neste senso, os grupos actuantes deberán facturarlle á Deputación de Lugo, o 80% do custo da actividade teatral e o 20% ao Concello ou asociación organizadora da función.

Por outra banda, co obxectivo de axudar a cubrir ese 20% co que contribúen asociacións e Concellos, estes poderán cobrar unha entrada simbólica que en ningún caso poderá superar os dous euros (2 €).

De tal xeito que, a vista do sinalado, atoparémonos con 3 variantes tipolóxicas (por número de actuantes e por custo da representación):

Grupos de 2 a 5 persoas: O custo de cada representación é de 300 €/ función correspondéndolle á Deputación aboar o 80 % do custo total, é dicir 240 €. Deste xeito as asociacións/concellos corresponderíalles aboar o 20 % do custo total, é dicir 60 €. Recordade que se o grupo de teatro se acolle por completo ao programa e realiza as tres funcións dentro dos circuitos o custo de cada representación diminúe até os 250 €/función, correspondéndolle á Deputación aboar 200 € (80 %) e as asociación/concellos 50 € (20 %)

Grupos de 6 a 8 persoas: O custo por representación é de 500 €/ función, correspondéndolle á Deputación aboar o 80 % do custo total; é dicir 400 €. Deste xeito as asociacións/concellos corresponderíalles aboar o 20 % do custo total, é dicir 100 €. Sinalar que se o grupo de teatro se acolle por completo ao programa e realiza as tres funcións dentro dos circuitos o custo de cada representación diminúe até os 450 €, correspondéndolle á Deputación aboar 360 € (80 %) e as asociación/concellos 90 € (20 %)

Grupos de 9 ou máis persoas: O custo por representación é de 850 €/ función, correspondéndolle á Deputación aboar o 80 % do custo total; é dicir 680 € e as asociación/concellos beneficiarios 170 € (20 %), para o caso de tratarse de unha soa actuación. Sinalar que se o grupo de teatro se acolle por completo ao programa e realiza as tres funcións dentro dos circuitos o custo de cada representación diminúe até os 800 €, correspondéndolle á Deputación aboar 640 €/función (80 %) e as asociación/concellos beneficiarios 160 €/función (20 %), no suposto de acollerse a 3 representacións.

- A efectos do pagamento, só se contabilizarán como membros reais do grupo aqueles que efectivamente participasen na/s representación/s, reservándose a Deputación a capacidade para pedir información ás Asociacións e/ou Concellos programadores para saber cal é o número de actores e actrices que levaron a cabo as funcións, e axustándose o pago á realidade da actuación.

De acordo coas presentes estipulacións, os Concellos e as entidades solicitantes das actuacións deberán aceptar as condicións deste programa, e por tanto quedan obrigados a:

- a) Aboar a parte correspondente do caché do grupo que actúe (20% do custo total da actuación concedida), reservándose a Deputación a facultade de requirir, se é o caso, a presentación de documentos que xustifiquen o pago das actuacións adxudicadas. (Anexo 5)
- b) Para lle facer fronte a ese 20%, os Concellos e asociacións organizadoras poderán cobrarlles aos espectadores unha cantidade simbólica que nunca deberá superar os dous euros. A Deputación deberá ser informada a través do anexo 3, das cantidades concretas que recaden, así como do número de espectadores que presencian a peza.
- c) Inscribirse no programa Buxiganga en tempo e forma (Anexo 4). Unha vez inscritos, dende a web da Área de Cultura poñerase a disposición das entidades solicitantes das pezas de teatro, un informe explicativo no que se proporciona información dos grupos de teatro incluídos dentro dos circuitos deste 2013. Posteriormente, unha vez rematado o prazo de adhesión (de grupos/ e tamén de solicitudes de actuacións) a Área de Cultura elaborará un documento informativo das actuacións a realizar na anualidade 2013. Non obstante, subliñase que será a Deputación quen debe organizar e dar o visto e prace ao cronograma de actuacións.
- d) Establecer un local axeitado para desenvolver as representacións.
- e) Nomear unha persoa responsábel que se faga cargo da promoción do evento e do óptimo desenvolvemento da actividade.
- f) Utilizar o idioma galego nos carteis anunciadores e en toda a propaganda que se faga do evento.
- g) Expedir documentos acreditativos da realización das actuacións concedidas: declaración, certificación ou calquera outro no que se acredite a realización da actuación.
- h) Comunicarlle á Deputación Provincial o enderezo do lugar onde se van levar a cabo as representacións, así como os planos dixitalizados donde se vai realizar a representación e fotografías do lugar.
- i) Aboarlles aos grupos a porcentaxe do importe da actuación correspondente ás actuacións adxudicadas. A Deputación resérvase a facultade de requirir a presentación dos documentos que xustifiquen o citado pagamento.
- j) Distribuír os carteis anunciadores do programa enviados dende a Deputación. En toda a publicidade que se faga a maiores deberá figurar que a actuación pertence ao Programa “Buxiganga Proxecto Teatral” xunto co logo da Área de Cultura da Deputación de Lugo. Esta última poderá, se o considera necesario, solicitar a xustificación da citada publicidade.
- k) Deberán poñerse en contacto coa Área de Cultura se xorde calquera tipo de inconveniente que non permita desenvolver a actuación na data acordada.
- l) Non se poderán programar estas actuacións teatrais durante a celebración de festas ou mostras, pois a concepción de Buxiganga é a de ser complementaria á programación cultural que se desenvolve nos diferentes concellos da provincia de Lugo e non substitutiva desta.
- m) Se algún dos solicitantes de anos anteriores non ten satisfeito a súa parte económica aos grupos participantes no programa, a Deputación reservase o dereito a non concederlles actuacións dentro do Proxecto Buxiganga 2013 .

☐ De igual xeito, a Deputación de Lugo comprométese a lles aboar a porcentaxe do 80% da actuación ao grupo ou grupos participantes neste programa, e en todo caso, sempre que se acredite a realización da actuación, aínda no caso de que houbese algún incumprimento de carácter formal por parte da entidade solicitante da actuación.

Ademais a Deputación comprométese a:

- Decidir e distribuír o cronograma espacial e temporal das solicitudes.
- Cantas outras situacións se deriven do contido estrito deste programa.

☐ **Polo que respecta aos grupos participantes no Programa “Buxiganga Proxecto Teatral”, as súas obrigas para se acolleren a este programa de difusión do teatro na vertente de teatro afeccionado son:**

- a) Seren asociacións culturais legalmente constituídas. Non poderán formar parte do proxecto Buxiganga, escolas municipais, grupos escolares ou universitarios e grupos profesionais.
- b) Contar cunha sede na provincia de Lugo que non sexa unicamente social, senón que se realice nese mesmo espazo a actividade teatral : ensaios, actividades.
- c) Presentar unha memoria anual das actividades que desenvolvan no rexistro da Deputación para informar sobre as actividades que desenvolveron durante o ano.
- d) Inscribirse no Programa Buxiganga en tempo e forma.
- e) Realizaren as actuacións nos lugares e horas asignados pola Deputación de Lugo.

- f) A de lle expediren á Deputación as facturas legais e a declaración responsable (documento que se lles fornecerá desde a Área de Cultura) correspondentes ás actuacións realizadas, tendo en conta que a Deputación só aboará o 80 % do custo total de cada actuación, quedando a cargo do Concello ou da asociación solicitante o 20 % restante.
- g) Deberán poñerse en contacto coa Área de Cultura se xurdise calquera tipo de inconveniente que non permita levar a cabo a actuación.
- h) Deberán facer constar que a actividade a subvenciona a Área de Cultura da Deputación de Lugo.
- i) A utilizaren o idioma galego nas representacións das actuacións.
- j) Reinvestir o diñeiro que recaden nas funcións na formación dos actores e actrices e na mellora do seu equipo técnico.
- k) As obras que se presenten para os circuítos nunca poderán superar as 10 funcións dentro de Buxiganga durante varios anos.
- l) Poderase presentar unha obra; de formato infantil/adulto ou rúa/sala.
- m) As obras de teatro deberán cumprir cuns mínimos e máximos temporais. Se se trata dunha peza infantil (40 minutos – 60 minutos)/ adulto (50 minutos – 90 minutos).
- n) Os grupos terán que contar co seguro pertinente para a realización das obras de teatro, e para eses efectos deberán cubrir o modelo de declaración xurada recollido nas bases. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, incluídas as derivadas das situacións que se poidan producir non só durante a propia actuación, senón tamén do desprazamento previo e posterior ás representacións por parte dos grupos participantes neste programa.

• **MODELOS DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA BUXIGANGA PROXECTO TEATRAL:**

A) Grupos de teatro afeccionado:

As agrupacións que desexen participar nesta convocatoria deberán presentar a súa solicitude no modelo normalizado que se lles proporcionará na Área de Cultura e que deberá presentarse no Rexistro da Deputación de Lugo, acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da entidade.
- Fotocopia compulsada da tarxeta do NIF do representante
- Certificado dos datos bancarios
- Documentación técnica (elaboración dun informe explicativo)
- Anexos 1 e 2 debidamente cubertos, así como comprometerse a entregar os certificados de actuación segundo se vaian realizando as funcións.
- Solicitude debidamente cuberta.

A Deputación reservarase o dereito de requirir, se é o caso, a presentación dos documentos que xustifiquen o pagamento da porcentaxe correspondente que lles deben efectuar os Concellos e as asociacións solicitantes aos grupos de teatro polas súas actuacións.

B) Concellos e entidades solicitantes das actuacións:

- Anexo 4 debidamente cuberto.
- Compromiso (por escrito) de lles facer fronte ás obrigas económicas derivadas deste programa (20% do custo da actuación) (Anexo 5)
- Planos e fotografías do espazo no que se vai realizar a representación, sempre e cando esta información non fose remitida á Área de Cultura da Deputación en edicións anteriores do programa

A Deputación reservarase o dereito de requirir, se é o caso, a presentación dos documentos que xustifiquen o pagamento da porcentaxe correspondente que lles deben efectuar os concellos e as asociacións solicitantes aos grupos de teatro polas súas actuacións.

LUGAR E PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A) Grupos

As agrupacións que desexen participar nesta convocatoria deberán presentar a súa solicitude nos rexistros autorizados pola lexislación vixente, no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte da data de publicación das bases /condicións deste Programa no B.O.P..

B) Concellos e entidades solicitantes

Os Concellos e asociacións que desexen participar nesta convocatoria deberán presentar a súa solicitude nos rexistros autorizados pola lexislación vixente, no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte da data de publicación das bases/condicións deste Programa no B.O.P..

☐ Todas aquelas solicitudes rexistradas despois desta data, serán desestimadas ao se atoparen fóra de prazo. Non obstante, por causas excepcionais poderán admitirse solicitudes fóra de prazo, e poderán concederse sempre que exista dispoñibilidade orzamentaria.

Lugo, 22 de febreiro de 2013.- O Presidente.- José Ramón Gómez Besteiro, O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo

ANEXO 1

SOLICITUDE DATOS DE GRUPOS PARTICIPANTES NO PROGRAMA BUXIGANGA

FICHA PARA CUBRIR E REENVIAR Á ÁREA DE CULTURA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL:

GRUPO DE TEATRO:	
CONCELLO:	
NOME DA ASOCIACIÓN:	
NOME DO PRESIDENTE/PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN:	
PERSOA DE CONTACTO:	
ENDEREZO:	
CP:	
TELÉFONO 1:	TELÉFONO 2:
CORREO ELECTRÓNICO:	
CIF DA ASOCIACIÓN:	NIF DO/DA REPRESENTANTE:
NÚMERO DE COMPOÑENTES:	
ANO DE FUNDACIÓN:	
NÚMERO DE CONTA:	
ENTIDADE:	
OBSERVACIÓNS:	

....., ade de 2013.

INFORME COMPLEMENTARIO QUE SE DEBE ACHEGAR COA SOLICITUDE DE ALTA DOS GRUPOS DE TEATRO PARTICIPANTES NO PROGRAMA BUXIGANGA

- Documentación técnica. Elaboración dun informe explicativo, dependendo de se é un grupo novo dentro do programa ou ben un colectivo que xa participase en edicións anteriores, cos seguintes contidos:

A) GRUPOS NOVOS DENTRO DE BUXIGANGA:

- Breve historial do grupo (15 liñas)
- Copia por escrito da obra ou presentación dun informe da obra no que se achegue unha descrición do texto representado.
- DVD da obra.
- Historial amplo do grupo.
- Título da peza.
- Breve sinopse (15 liñas)
- Duración da peza aprox. Se se trata dunha peza infantil (40 minutos – 60 minutos)/ adulto (50 minutos – 90 minutos)
- Idioma: galego.
- Autor/a da obra- breve biografía.
- Elenco (será preciso a presentación dos DNI dos diferentes actores e actrices ademais de achegar unha folla co reparto por idades dos actores e actrices)
- Dirección.
- Espazo escénico.
- Raider (plano de luces)
- 4 fotos do grupo en formato JPG (boa calidade)
- Preferencias de datas e día para participaren nos circuítos.

(A organización poderá requirir dos participantes información a maiores).

- Lugar de entrega da documentación: a través de rexistro da Deputación, dirixido á Área de Cultura e Turismo (Proxecto Buxiganga).

B) GRUPOS QUE PARTICIPARON EN EDICIÓNS ANTERIORES DOS CIRCUÍTOS DE BUXIGANGA:

- Nome do grupo.
- Breve historial do grupo (15 liñas)
- Copia por escrito da obra ou presentación dun informe da obra no que se achegue unha descrición do texto representado.
- DVD da obra.
- Título da peza.
- Breve sinopse (15 liñas)
- Duración da peza aprox. Se se trata dunha peza infantil (40 minutos – 60 minutos)/ adulto (50 minutos – 90 minutos)
- Idioma: galego.
- Autor/a da obra- Breve biografía.
- Elenco (será preciso a presentación dos DNI dos diferentes actores e actrices amais de achegar unha folla co reparto por idades dos actores e actrices)
- Dirección.
- Espazo escénico.
- Raider (plano de luces)
- 4 fotos do grupo en formato JPG (boa calidade)
- Preferencias de datas e día para participaren nos circuítos.

(A organización poderá requirir dos participantes información a maiores).

- Lugar de entrega da documentación: a través de rexistro xeral da Deputación, dirixíndoa á Área de Cultura e Turismo (Programa Buxiganga Proxecto Teatral 2013).



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo

ANEXO 2

DECLARACIÓN XURADA

Don/ dona como presidente/a da asociación cultural....., con DNI, declara que o seu grupo de teatro conta cos seguros pertinentes para a realización de obras de teatro, segundo o punto "n" das bases do programa Buxiganga Proxecto Teatral 2013.

☐ Declaro, como presidente/a da Asociación cultural, que no elenco do noso grupo de teatro non temos actores/actrices menores de idade.

☐ Declaro, como presidente/a da Asociación cultural, que no noso grupo de teatro temos actores/actrices menores de idade, que actúan baixo a miña responsabilidade para todos os efectos.

..... ade de 2013

O PRESIDENTE/A

Asdo:



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo

ANEXO 3

CERTIFICADO DE ACTUACIÓN

Os grupos, xunto coa factura, deberán presentar este certificado asinado e selado polo Concello/ ou Asociación para a que se realiza a obra, así como copia da factura presentada ao Concello ou asociación que se corresponderá co 20 % do seu caché.

O concello de/ A Asociación de.....a través do seu representante

FAI CONSTAR QUE

O grupo..... desenvolveu de maneira satisfactoria a función..... o día.....ás.....do mes de.....de 2013.

Á que asistiron un total de.....espectadores, cun prezo en despacho de billetes de..... cunha recadación total de..... euros.

Concello de/ Asociación
de.....en.....a.....de.....de 2013.

Asinado

NOTA: O prezo da entrada no despacho de billetes, no caso de estipularse, nunca poderá superar os dous euros simbólicos que se establece nas bases definidas pola Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo.



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo

ANEXO 4

INSTANCIA DE SOLICITUDE PARA AS ACTUACIÓNS DO PROGRAMA BUXIGANGA

NOME DO CONCELLO/ASOCIACIÓN:
CIF:
NOME DA PERSOA SOLICITANTE:
DNI:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:
TELÉFONO DE CONTACTO:
*ENDEREZO ELECTRÓNICO:

SOLICITO:

Inscribir o meu Concello no programa Buxiganga ☐
Inscribir a miña asociación no programa Buxiganga ☐

NOME DA PERSOA RESPONSÁBEL DE BUXIGANGA:
TELÉFONO/S CONTACTO: ENDEREZO ELECTRÓNICO:

*É preciso contar cun enderezo electrónico, xa que será o medio que se vai utilizar para enviar o informe explicativo no que se dará información detallada dos grupos de teatro participantes.

....., a de de 2013



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo

ANEXO 5

COMPROMISO DE ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS DE FINANCIAMENTO DO PROGRAMA

Don/Dona _____

DNI nº _____, con domicilio para os efectos de notificación en

_____ concello de _____ e teléfono de contacto _____ e

correo electrónico _____, na condición de representante (nome da

Asociación/Concello) _____.

FAGO CONSTAR:

Que se desde a Área de Cultura da Deputación de Lugo se lle concede a actuación solicitada á asociación/Concello que represento, asumimos a obriga de lles facer fronte ás obrigas económicas derivadas deste programa (**asumir o 20% do custo total da actuación concedida**), así como informar a Deputación de se deciden autofinanciar ese 20% co diñeiro resultante da venda de entradas, cun prezo que nunca poderá superar en ningún caso os dous euros simbólicos por espectador (2 €).

E para que así conste, asino en _____ a _____ de 2013.

Asdo:

CONCELLOS

BÓVEDA

APROBACIÓN DEFINITIVA

Ao non se ter presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional do Concello sobre a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercancías de calqueira clase, cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación dos artigos: **1º.- Fundamento e Réxime no seu apartado 1), Artigo 6.- Cota Tributaria nos apartados do 1 ó 5) e Disposición Final** da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercancías de calqueira clase, coa redacción que a continuación se recolle:

Artigo 1º.-

1. En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercancías de calqueira clase no Municipio de Bóveda, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao disposto no artigo 57 do citado texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

COTA TRIBUTARIA

Artigo 6

As tarifas a aplicar serán as seguintes:

1. a).- Entrada de vehículos en edificios ou fincas dende vías públicas dotadas de beirarrúas, ó ano: 7,20 €/metro ou fracción
- b).- Por cada praza de aparcamento en edificios ou fincas, ó ano: 12,00 €
2. Por cada reserva de aparcamento (utilización de placa de vado) abonarase a cantidade anual de 7,30 € metro lineal ou fracción.
3. Reserva de espazos de uso diverso provocados por necesidades ocasionais, por cada metro ou fracción lineal e día a que alcance a reserva: 0,60 €
4. As tarifas descritas nos apartados anteriores, serán acumulativas en caso de existencia de entrada de vehículos a través de beirarrúas e placa de vado permanente.
5. Pola venta de cada placa de vado regulamentaria, abonaranse 30,00 €

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza Fiscal, aprobada por acordo do Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 17/12/2012, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderase interpoñer polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En Bóveda, a 12 de febreiro de 2013.- O Alcalde, José Manuel Arias López

*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA**

Ao non se ter presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional do Concello sobre a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación da vía pública con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo situados en terreos de uso público local así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica, cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación dos artigos **1º.-Fundamento Legal, Artigo 6.- Cota Tributaria e Disposición Final** da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola ocupación da vía pública con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo situados en terreos de uso público local así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica, coa redacción que a continuación se recolle:

Artigo 1º.- Fundamento Legal

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20 a 27 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola ocupación da vía pública con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo situados en terreos de uso público local así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica no Municipio de Bóveda, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao disposto no artigo 57 do citado texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

COTA TRIBUTARIA**Artigo 6**

As tarifas a aplicar serán as seguintes:

- Bares, postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas no Campo da Feira.....0,20 euros/m2/día
- Postos de polbo...10,00 euros/caldeiro/día
- Bares, postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións non situadas no Campo da Feira:
- Día:.....0,10 euros/m2
- Mes: 2,50 euros/m2
- Trimestre:..... 5,00 euros/m2
- Ano:..... 20,00 euros/m2

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza Fiscal, aprobada por acordo do Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 17/12/2012, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderase interpoñer polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En Bóveda, a 12 de febreiro de 2013.- O Alcalde, José Manuel Arias López

R. 0668

COSPEITO*Anuncio***licitación de contrato****1.- Entidade adxudicadora**

- a) Concello de Cospeito
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría
- c) Obtención de documentación e información:
 - 1) Dependencia: Secretaría
 - 2) Domicilio: Avda de Terrachá 29 – Feira do Monte

- 3) Localidade e código postal: Concello de Cospeito 27377 (Lugo)
 - 4) Teléfono: 982520001
 - 5) Fax: 982520102
 - 6) Correo electrónico: concellodecospeito.concellodecospeito.es
 - 7) Dirección de Internet do perfil de contratante: www.contratosdegalicia.es.
 - 8) Data límite de obtención de documentación e información: 26 días naturais, a contar dende a publicación do presente anuncio no BOP.
- d) Número de expediente: CT 2013/01

2.- Obxecto do contrato

- a) Tipo: Contrato de obras.
- b) Descrición: Ampliación da rede de abastecemento de auga e realización de entronques á rede xeral e domiciliaria.
- c) Lugar de execución: Parroquias de Pino e Santa Cristina.
- d) Admisión de prórroga: Non.
- e) Código CPV: 45231300-8 "Traballos de contrucción de tuberías para auga e augas residuais"

3.- Tramitación e procedemento:

- a) Tramitación: Ordinaria
- b) Procemento: Aberto
- c) Forma de adxudicación: Oferta economicamente máis vantaxosa con multiplicidade de criterios

4.- Orzamento base de licitación

- a) Importe neto: a 26.219,40 euros.
- b) IVE: 5.506,08 euros.
- c) Importe total: 31.725,48 euros.

5.- Garantías esixidas. Provisional: Non se esixe. Definitiva 5% do prezo de adxudicación.

6.- Requisitos específicos do contratista:

- a) Solvencia económica, financeira e técnica.

7.- Presentación de ofertas

- a) Data límite: 26 días naturais, a contar dende o día seguinte ao da Publicación do anuncio no BOP. Se o último día do prazo fose inhábil, éste entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.
- b) Modalidade de presentación: En sobres pechados
- c) Lugar de presentación: No rexistro xeral do Concello ou en Correos.
 - 1) Dependencia: Secretaría
 - 2) Domicilio: Avda de Terrachá 29 – Feira do Monte
 - 3) Localidade e código postal: Concello de Cospeito 27377 (Lugo)

8. Apertura de ofertas:

- a) Lugar: Salón de Pleno do Concello de Cospeito
- b) Data e hora: Ás 10:00 horas do 4º día hábil seguinte ao do remate do prazo para a presentación das proposicións.

9. Gastos de Publicidade: A conta do adxudicatario ata o límite de 100,00 euros.

En Cospeito a 11 de febreiro de 2012. O Alcalde: Armando Castosa Alvaríño.

R. 0718

CHANTADA

Anuncio

Acordado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o día 3 de decembro de 2012, a iniciación do expediente de investigación sobre a posible titularidade pública de camiño no lugar de Fornas de Baixo, parroquia de Fornas, sométese a información pública o expediente incoado coas dilixencias practicadas polo periodo de 15 días, que comezará a contar a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos do seu exame e no seu caso efectua-las correspondentes alegacións.

Chantada, 5 de xaneiro de 2013.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez

R. 0669

A FONSAGRADA

Anuncio

APROBACION DEFINITIVA ORZAMENTO 2013

Aprobado definitivamente o Orzamento Xeral do Concello para o 2013, e comprensivo aquel do Orzamento Xeral deste Concello, Bases de Execución, cadro de Persoal funcionario e laboral, de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, publícase o resumo do mesmo por capítulos:

ESTADO DE GASTOS

A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS

A.1. OPERACIÓNS CORRENTES

CAPÍTULO 1: Gastos de Persoal 832799,98 €

CAPÍTULO 2: Gastos Correntes en Bens e Servizos 1654918,80 €

CAPÍTULO 3: Gastos Financeiros 10471,95 €

CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes 115544,07 €

A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL

CAPÍTULO 6: Investimentos Reais 86266,64 €

CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital

B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS

CAPÍTULO 8: Activos Financeiros

CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros

TOTAL: 2730001,44 €

ESTADO DE INGRESOS

A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS

A.1. OPERACIÓNS CORRENTES

CAPÍTULO 1: Impostos Directos 825000,16 €

CAPÍTULO 2: Impostos Indirectos 30000 €

CAPÍTULO 3: Taxas, Prezos Públicos e outros Ingresos 407104 €

CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes 1412589,42 €

CAPÍTULO 5: Ingresos Patrimoniais 10000 €

A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL

CAPÍTULO 6: Alleamento de Investimentos Reais

CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital 45307,86 €

B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS

CAPÍTULO 8: Activos Financeiros

CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros

TOTAL: 2730001,44 €

CADRO DE PERSOAL

ALTOS CARGOS

DEDICACIÓN TOTAL SR. ALCALDE.

PLANTILLA DE PERSOAL

A) FUNCIONARIOS

DENOMINACIÓN	Nº DE PRAZAS	GRUPO	NIVEL	SITUACIÓN
1. Habilitación de carácter estatal				
1.1. Secretario-Interventor	1	A1	26	Propiedade
2. Escala Administración Xeral				
2.1. Subescala administrativa				
2.1.1. Administrativo. Xefe de Sección	1	C1	22	Propiedade
2.1.2. Administrativo Tesourería	1	C1	22	Propiedade
2.2 Subescala auxiliar				
2.2.1. Auxiliar administrativo	1	C2	17	Vacante (Cuberta por funcionario interino)
3. Administración especial				
3.1. Servizos especiais				
3.1.1. Policía Local	2	C1	18	Propiedade

B) PERSOAL LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS
Traballador Social	1
Educadora Familiar	1
Monitora socio cultural e turística	1
Condutor	1
Peon (Obras)	1

C) PERSOAL LABORAL FIXO, A XORNADA PARCIAL

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS
Arquitecto Técnico	1

D) OUTRO PERSOAL, A XORNADA COMPLETA

DENOMINACIÓN	Nº DE POSTOS
Técnico Medioambiental	1
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	1
Auxiliar administrativo (Servizos Sociais)	1
Bibliotecario/a	1
Monitor deportivo	1
Encargado de obras	1
Oficial de primeira (Servizo de augas)	1
Oficial de segunda (Servizo de augas)	1
Oficial de primeira (Xardiñeiría)	1
Condutor	1
Oficial de segunda (Obras)	2
Peon (Obras)	2
Palista	1
Tractorista	1
Encargado Polideportivo	1

A plantilla de persoal laboral temporal, poderá aumentarse coas subvencións que este Concello poida recibir da Comunidade Autónoma, ou doutros Organismos para financiar a contratación de persoal de obras ou de servizos determinados.

ASIGNACIÓN A MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se modifican respecto ó ano 2012.

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas da devandita Xurisdición.

En A Fonsagrada, a 15 de febreiro de 2013.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo

R. 0670

LUGO*Anuncio*

Diante da imposibilidade de efectuar, nos casos que a continuación se indican, a notificación da resolución recaída no expediente de caducidade de inscricións padroais de estranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente, comunícaselles a través do presente anuncio que DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ, Tenente Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Modernización Administrativa, dictou o dezasete de decembro de dous mil doce, o Decreto número 12011094, segundo o cal se resolve:

“PRIMEIRO.- Declarar, con referencia á data que en cada caso se sinala, a caducidade das inscricións padroais que a continuación se indican, xa que transcorridos dous anos desde a data de alta no Padrón, non foron renovadas polos interesados ou interesadas:

NIA	Apelidos e nome	Documento	Caducidade
GT00031838	BARBOZA DELGADO,JOSE ALONSO	Y1431433L	22/10/2012
GT00025661	DUARTE,CHARINA ODETTE	Y0067044J	14/10/2012

GT00031739	GALVEZ SURCULENTO,JEANNETH MARIBEL	Y1349971T	11/10/2012
GT00008000	GARCIA ESPINOZA,LUPE CECILIA	X5691138H	19/10/2012
GT00031847	HERRERA BARBA,ARTURO	P6342389	20/10/2012
GT00023946	LONDOÑO PATIÑO,CLAUDIA ALEXANDRA	X6982846T	18/10/2012
GT00023947	MARTINEZ LONDOÑO,AHYNARA	X6982872A	18/10/2012
GT00031839	MOLINA MOLINA,SHIRLEY MIRIAM	Y1431153S	22/10/2012
GT00010806	MORAIS DE LIMA,MARIA JOSE	X9692398Z	09/11/2012
111172	MOUHSSINE,EL MAHDI	X6561862P	21/10/2012
GT00031940	QUEVEDO ALVAREZ,HUGO HUMBERTO	Y0720569Q	28/10/2012
GT00022891	RODRIGUEZ GALANTON,JHONATAN JOSE	P037290104	22/10/2012
GT00025663	ROSADO,LEAH SHALETTE	P437222398	14/10/2012

SEGUNDO.- Acordar a baixa no Padrón municipal de habitantes das inscricións que anteceden, que terá efectos desde a data da notificación da presente resolución.

TERCEIRO.- Notifíquelles a presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa e que contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso de reposición, potestativo, ante o Ilmo. Sr. Alcalde no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a aquel no que se reciba a presente notificación (art. 107, art. 116 e art. 117 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro).
- Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da presente resolución ou, de ser o caso, dous meses a partir da notificación da resolución expresa do recurso de reposición. No caso de que non se produza esta resolución expresa, o prazo será de seis meses, contados dende o seguinte a aquel no que se produza o acto presunto (art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, art. 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro).
- Tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que considere procedente en defensa dos seus intereses”.

Así mesmo, a teor do establecido no art. 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ponse en coñecemento de todas aquelas persoas interesadas que, no PRAZO DE DEZ DÍAS a partir da publicación do presente anuncio, poderán solicitar copia do texto íntegro do devandito acto.

R. 0671

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERROS

No Boletín Oficial da Provincia número 037, do 14 de febreiro de 2013, nas páxinas 4 e 5, onde se publica a Ordenanza fiscal núm. 103 reguladora das TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS, padeceuse un erro na transcripción do artigo 2º, polo que se transcribe a continuación o contido correcto do mesmo:

“ARTIGO 2º. OBRIGACIÓN DE CONTRIBUÍR.

1. FEITO IMPOÑIBLE E DEVENGO.

a) Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos técnicos e administrativos previos á concesión das licenzas que, preceptivamente, deban solicitarse do Concello para a execución de calquera clase de construcións e obras ou instalacións dentro do termo municipal, así como a prestación doutros servizos urbanísticos, incluíndo a aprobación de proxectos básicos, así como aqueles outros actos suxeitos a procedementos de intervención distintos da licenza de conformidade co artigo 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Entre os procedementos de intervención se inclúen os procedementos establecidos con carácter xeral na lexislación para a declaración responsable e a comunicación previa, así como os supostos de actuacións comunicadas para as intervencións de sinxela técnica e escasa entidade construtiva e económica.

Así mesmo constitúe feito imponible desta taxa a realización de actuacións (técnicas e xurídico-administrativas) por execución subsidiaria en procedementos de Disciplina Urbanística nos casos de incumprimento de acordos ou resolucións municipais; así como a realización de visitas de inspección e

comprobación que sexan consecuencia de incumprimentos da normativa de aplicación, das condicións sinaladas nos distintos actos de intervención para o desenvolvemento dunha actividade/obra/uso, ou de ordes de execución. Esta taxa é independente dos custes correspondentes ás actividades que deban desenvolverse por conta do interesado.

b) A taxa devengarase cando inicie a prestación do servizo a Administración municipal, coa recepción da solicitude de licenza, declaración responsable, comunicación previa ou/e a correspondente iniciación do expediente, ou ben dende que se realice calquera dos actos do artigo 194 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Non obstante, continuarase coa tramitación do expediente da licenza cando se trate exclusivamente de obras oficiais, en cuxo caso a taxa devengarase cando se produza a adxudicación da obra ós contratistas. En todo caso, non se someterá á Xunta de Goberno Local a proposta de acordo de concesión/denegación da licenza, namentres non se teña realizado o ingreso da preceptiva autoliquidación.

c) Unha vez nacida a obriga de contribuír, non se verá afectada en modo algún pola denegación da licenza solicitada, por comunicacións ou declaracións responsables inspeccionadas con resultado desfavorable, nin tampouco pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza ou presentada a comunicación ou declaración responsable.

d) Sen perxuízo do establecido na letra anterior, no caso de desestimento formulado polo interesado con anterioridade á proposta de resolución polo Órgano competente para a concesión ou denegación da licenza, ou con anterioridade ó desenvolvemento das tarefas de control e inspección de comunicacións ou declaracións responsables, procederá a devolución do 50% da taxa ingresada.

e) No suposto de que a comunicación ou declaración responsable sexa incompleta ou incorrecta, de solicitarse de novo ou de presentarse nova documentación, non se devengará de novo a taxa, conservándose o importe ingresado mediante autoliquidación a conta da liquidación que en definitiva corresponda.

2. SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES

a) Están obrigados ó pagamento dos dereitos e taxas previstos nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas solicitantes e/ou titulares da respectiva licenza ou documento.

b) Os solicitantes e/ou titulares da licenza deberán facer constar na solicitude nome, DNI, ou CIF, domicilio fiscal do dono do terreo, dono das obras e empresa constructora. En relación con esta última, en caso de non estar designada, achegarase no momento da súa designación.

c) Responderán solidariamente cos suxeitos pasivos os propietarios ou posuídores, así como os arrendatarios, chegado o caso, dos inmobles nos que se realicen as obras, instalacións ou construcións. No suposto dos arrendatarios só poderá esixirse a responsabilidade solidaria dos propietarios ou posuídores, se as obras fosen executadas coa súa conformidade e sen abuso de dereito.

d) Serán substitutos do contribuínte os promotores e os contratistas.”

Asinado polo Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Urbanismo en substitución da Tenenta de Alcalde-Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, don Luis Manuel Álvarez Martínez.

R. 0672

Anuncio

No Pleno ordinario deste Concello, na sesión celebrada o día 4 de febreiro de 2013, tomouse razón do acordo da Xunta de Goberno Local número 11/47, do 30 de xaneiro deste ano, no que se establece -entre outros aspectos- o réxime competencial deste órgano (acordo plenario que figura como Anexo I), o que se fai público para xeral coñecemento coa publicación íntegra das devanditas resolucións, de conformidade co previsto no artigo 7.3 e 15.2 do Regulamento Orgánico Municipal do Goberno e Administración do Concello de Lugo.

Lémbrese que esta publicación está incluída nos supostos de normas exentas de pago de taxas, a teor do disposto no artigo 11.2.a) da Lei 5/2002, de 4 de abril, reguladora dos Boletíns Oficiais das Provincias.

Lugo, 13 de febreiro de 2013.- O ALCALDE, José Clemente López Orozco.

ANEXO I

“JOSÉ ANTONIO CARRO ASOREY, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO: Que o Excmo. Concello Pleno, en sesión ORDINARIA celebrada o día catro de febreiro de dous mil trece, adoptou, entre outros, o acordo seguinte:

14/14 DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, NÚMERO 11/47, DO 30 DE XANEIRO DE 2013, POLO QUE SE ESTABECE O RÉXIME COMPETENCIAL E AS DELEGACIÓNS DE ATRIBUCIÓNS QUE EFECTUA ESTE ÓRGANO.- Vista a proposta de Alcaldía, do 30 de xaneiro de 2013, expresiva do seguinte:

‘Visto o devandito acordo, no que se establece, entre outros aspectos, o novo réxime competencial e a nova delegación de atribucións da Xunta de Goberno Local, motivada -entre outros aspectos- pola nova estrutura organizativa municipal recollida no Decreto número 12010330.

Como consecuencia do anterior, fíxose preciso adecuar o réxime de competencias e de delegacións deste órgano de goberno á nova estrutura municipal, adoptándose -con esta mesma data- pola Xunta de Goberno Local o acordo número 11/47, do que se lle **DÁ CONTA** ao Excmo. Concello Pleno, e que é do seguinte teor:

“11/47 APROBACIÓN DO RÉXIME COMPETENCIAL DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DELEGACIÓNS DE ATRIBUCIÓNS DESTE ÓRGANO.- Vista a proposta da Alcaldía, que a continuación e literalmente se transcribe:

“Logo das renuncias presentadas polos concelleiros DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO e DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, adscritos ao Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ás delegacións que lles foron conferidas como tenentes de alcalde e titulares das áreas de goberno de Infraestruturas e Axenda 21 e de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, respectivamente, segundo consta no Decreto número 12010134, do 21 de novembro de 2012.

Visto o Decreto número 12010330, do 27 de novembro de 2012, polo que se estableceu a estrutura da organización municipal, a composición da Xunta de Goberno Local, o nomeamento dos tenentes de alcalde e a denominación a titularidade das novas áreas de goberno.

E sendo necesario adecuar o réxime de delegacións efectuado pola Xunta de Goberno Local á nova estrutura municipal para garantir o normal funcionamento dos servizos municipais e dos órganos que integran o goberno e administracións municipais.

En virtude de todo o cal, e tendo en conta o disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e nos artigos 14 e 15 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo, esta Alcaldía PROPONLLE á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local resérvase o exercicio das atribucións delegables seguintes:

- a) Aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, así como a designación dos membros integrantes dos tribunais de oposición.
- b) A provisión e adscrición a postos de traballo.
- c) A aprobación de realización de horas extraordinarias estruturais.
- d) O nomeamento de persoal funcionario de carreira e contratado laboral baixo a modalidade de contrato de duración indefinida e o seu réxime disciplinario con ocasión da comisión de faltas graves ou moi graves, sen prexuízo do disposto no artigo 99 da Lei reguladora das bases do réxime local respecto dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter estatal e das atribucións que respecto destes funcionarios lle estean conferidas á Alcaldía.
- e) Nomeamento e cesamento dos titulares dos órganos directivos da Administración municipal, sen prexuízo do disposto na disposición adicional oitava do texto vixente da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, para os funcionarios con habilitación de carácter estatal.
- f) Adquisición e alleamento do patrimonio, sen prexuízo da delegación de atribucións nos tenentes de alcalde delegados de área cando se trate de subministracións que non superen o importe establecido na lexislación de contratos para os contratos menores de subministracións.
- g) Concesión e denegación de licenzas ou permisos para o uso de bens de dominio público e de instalacións municipais, salvo cemiterio.
- h) A aprobación dos proxectos de obras; a aprobación do expediente de contratación, incluídos os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas e a aprobación da autorización do gasto correspondente -agás o establecido para os contratos menores no punto dispositivo cuarto- a cualificación de urxencia na tramitación do expediente; a apertura do procedemento de adxudicación, así como a resolución dos recursos administrativos que se formulen en relación cos actos administrativos definitivos ou de trámite que se diten nos procedementos de contratación; a aprobación de modificacións contractuais; a autorización de cesións contractuais; a aprobación de

- prórrogas do prazo de vixencia dos contratos; a imposicións de sancións ao contratista; a adopcións dos acordos relativos á revisión de prezos, á interpretación e á resolución dos contratos.
- i) Outorgamento e denegación de licenzas urbanísticas que se refiran á execución de obras e instalacións para as que a lexislación require a presentación de proxecto técnico, así como a resolución de solicitudes de excepcionalidade do cumprimento das condicións NHV-2010, NORMAS DE HABITABILIDADE DE VIVENDAS DE GALICIA 2010, reguladas polo Decreto 29/2010, do 4 de marzo. Aprobación das liquidacións tributarias que procedan.
 - l) Outorgamento e denegación de licenzas de primeira utilización naqueles supostos en que se impuxesen condicionamentos de execución simultánea da urbanización, de completamento dos servizos urbanísticos ou cando a proposta sexa denegatoria. Aprobación das liquidacións tributarias que procedan.
 - m) O exercicio da potestade sancionadora cando lle estea atribuída e o importe da sanción proposta exceda de tres mil (3.000,00) euros ou a sanción consista na retirada de licenzas ou autorizacións que outorgaran a Xunta de Goberno Local ou o Pleno.
 - n) Aprobación do cadro repartición de contribucións especiais en obras de urbanización.
 - ñ) As resolucións que lle corresponden nos expedientes de expropiación forzosa, agás a aprobación das liquidacións de xuros por demora.
 - o) Outorgamento e denegación das licenzas de actividade sometidas ao procedemento establecido no Decreto 133/08 de avaliación de incidencia ambiental, en todos os que sexan de xeito conxunto ou non coa licenza urbanística.
 - p) Concesión e denegación de licenzas de autotaxis e vehículos especiais.
 - q) Todas aquelas que, non estando incluídas nos supostos anteriores, se lle asignen á Xunta de Goberno Local nas bases de execución do presuposto municipal.

Polo que respecta aos **RECURSOS DE REPOSICIÓN** interpostos contra os actos e acordos ditados pola Xunta de Goberno Local ou polos titulares das áreas de goberno en exercicio das atribucións delegadas por esta Xunta de Goberno Local, e en atención ao sinalado nos artigos 116 e 117 e no artigo 13 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, serán resoltos pola Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO.- Delegar nos titulares das áreas de goberno o exercicio das atribucións que lle correspondan á Xunta de Goberno Local, sempre e cando non sexan indelegables ou esta se reservara o seu exercicio, en relación cos servizos, actividades e materias comprendidas nas súas respectivas áreas, coas seguintes particularidades:

1.- Delegar no Excmo. Sr. Alcalde, titular da Área de Alcaldía, Recursos Humanos e Protección da Comunidade, a asignación específica de asuntos ou casos concretos nos termos do artigo 46 e 48 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo.

2.- Delegar na Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, as seguintes atribucións en materia de subvencións:

- a) Tramitación de expedientes de subvencións en réxime de concorrencia competitiva: fase de aprobación de bases e autorización de gasto.
- b) Tramitación de expedientes de subvencións nominativas: fases de aprobación (autorización do gasto), aprobación de convenios (disposición do gasto) e xustificación (recoñecemento da obriga).

3.- Delegar nos titulares das áreas de goberno (Alcalde e tenentes de alcalde), en relación cos servizos, actividades e materias comprendidas nas súas respectivas área, as seguintes atribucións en materia de subvención:

- a) Tramitación de expedientes de subvencións en réxime de concorrencia competitiva: fase de adxudicación e recoñecemento da obriga (xustificación).
- b) Tramitación de expedientes de subvencións directas e excepcionais: fases de aprobación (autorización do gasto), aprobación de convenios (disposición do gasto) e xustificación (recoñecemento da obriga).

4.- Delegar na Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación o exercicio da atribución relativa á adopción do acordo de adxudicación de todo tipo de contratos e disposición do correspondente gasto, agás o exercicio das facultades de contratación en materia de contratos que, conforme o artigo 138.3 parágrafo segundo do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, do 30 de outubro, teñan a consideración de contratos menores que quedan delegados **nos tenentes de alcalde delegados de área** e no Alcalde en relación coas materias incluídas dentro de Área de Alcaldía, Recursos Humanos e Protección da Comunidade.

Non obstante, cando o órgano delegado disinta da proposta de adxudicación feita pola Mesa de Contratación, a adopción do acordo de adxudicación do contrato corresponderalle á Xunta de Goberno Local.

5.- Delegar na Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, o exercicio das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local en materia de fiscalización e control dos servizos públicos concedidos.

6.- Delegar o exercicio da potestade sancionadora que lle corresponda á Xunta de Goberno Local, e coa limitación cuantitativa que se establece na letra m) do punto resolutivo PRIMEIRO, nos seguintes órganos:

- a) No Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo en relación coas materias relativas á disciplina urbanística e sempre que a súa titularidade se lle atribúa á Xunta de Goberno Local; así como nas materias propias desta área, cuxa competencia lle corresponda á Xunta de Goberno Local, agás cando o importe da sanción proposta exceda de 3.000,00 euros ou consista na retirada de licenzas ou autorizacións que outorgaran a Xunta de Goberno Local ou o Pleno.
- b) Na Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación en relación coas materias referentes á materia tributaria e de prezos públicos.
- c) No Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21, en materia de verteduras á rede de sumidoiros municipal.
- d) No titular da Área de Servizos Xerais e Modernización Administrativa en relación coas restantes materias, servizos e actividades non comprendidas nas letras a), b) e c) precedentes.

TERCEIRO.- Derrogar o disposto nos acordos adoptados anteriormente pola Xunta de Goberno Local, en todo aquilo que se opoña ou contradiga o disposto neste acordo.

CUARTO.- Deste acordo, daráselle conta ao Excmo. Concello Pleno na primeira sesión que celebre; procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, á súa exposición no Taboleiro de Edictos, á súa notificación a todas as persoas interesadas e á súa comunicación ás dependencias municipais.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, e por unanimidade dos seguintes membros: Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista - GMS-); Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo (GMS); Ilma. Sra. DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (GMS); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Modernización Administrativa (GMS); Ilmo. Sr. DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEZO GARCÍA, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilmo. Sr. DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Deportes (GMS) e a Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS), **ACORDA** aprobar a referida proposta nos seus propios termos.”

De todo o cal, a Excmo. Corporación municipal quedou informada para os efectos oportunos.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a deste Secretario Xeral do Pleno.”

R. 0673

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 6 de febreiro de 2013, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para a **CONTRATACION DE ALUGAMENTO E MANTEMENTO DE DEZ CABINAS SANITARIAS PARA INSTALAR EN ZONAS VERDES PÚBLICAS 2013**. Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: Aluguer e mantemento de dez cabinas sanitarias a ubicar en diversas zonas verdes públicas.

b) Prazo de execución: Será de DOUS ANOS dende a data de formalización do contrato administrativo prorrogables por acordo previo do órgano de contratación por períodos anuais ata un máximo de CATRO ANOS en total incluído o período inicial e as prórrogas.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimiento: aberto

4.- Tipo de licitación.

O valor estimado del contrato é de 92.562 euros.

O prezo do contrato para a primeira anualidade é de 23.140,50 euros polo que aplicado o 21% de IVE (4.859,50 euros) o presuposto anual ascende a 28.000 euros.

5.- Garantías:

a) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

6.- Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servicio de Contratación e Patrimonio

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-71-45, 29-73-01

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (Zona de servicios: pertil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados nos pregos de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula novena do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nos pregos

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Centro de Servicios Municipales

b) Domicilio: Ronda Muralla 197- 3ª planta

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 135,72 euros que serán por conta dos contratistas adxudicatarios.

Lugo, 14 de febreiro de 2013.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN) (P.S.: o Tenente Alcalde Delegado da área de Urbanismo: Decreto 13000897) Luis Manuel Álvarez Martínez

R. 0674

O SAVIÑAO

Anuncio

Exposición pública do padrón de contribuíntes suxeitos á AUGA, LIXO (urbán), SUMIDOIROS correspondentes ao 1º bimestre do exercicio 2012, aprobado mediante decreto de alcaldía de data 15/02/2013.

Lugar: Servizo de Xestión Tributaria do Concello (PLAZA DE ESPAÑA N.º1)

PERIODO VOLUNTARIO DE RECADACIÓN: Nos termos do artigo 62.2 da Lei 58/2003: Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día vinte do mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguintes; se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte en período voluntario. A partir da devandita data os recibos non pagados esixiranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 da Lei xeral tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación.(R.D. 939/2005,de 29 de xullo).

Contra o precedente acto, que pon fin á vía administrativa,e sen prexuízo de calquera outro recurso que considere oportuno o interesado, poderá interpoñerse:

1º) Ou ben, o recurso potestativo de reposición ante o propio órgano que dictou o presente acto no prazo dun mes a contar desde o día seguinte da súa notificación ao abeiro do establecido no artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

2º) Ou ben, directamente reclamación económico-administrativa ante o mesmo órgano no prazo dun mes, segundo establece o artigo 137 da mesma Lei.

O Saviñao, 15 de febreiro de 2013.- O ALCALDE, Joaquín González González

R. 0721
